

# A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero

## Edición 2021

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2021

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl

# Índice de Contidos




1. Introdución Páx. 4

2. A Fenda Dixital de Xénero Páx. 6

   2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses
   2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses
   2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses
   2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat Páx. 23

4. Conclusións Páx. 37



# 1. Introdución

# 1. Introdución

## Obxectivos

Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia .

Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

## Fontes de Información

- Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2020
- Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H). INE. Ano 2020
- Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2020




# 2. A Fenda Dixital de Xénero

# 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

*Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No ano 2020 non se observa fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos tales como ordenadores portátiles ou de sobremesa, PDA ou tablet, etc. entre mulleres e homes en Galicia.

# 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

*Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e idade*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade é un factor importante na dixitalización e o comportamento dos galegos e galegas fronte ás novas tecnoloxías. Os resultados amosan que o uso desde tipo de dispositivos é incluso superior entre as mulleres galegas maiores de 35 anos.

Entre os galegos e galegas apenas existen diferenzas segundo o xénero da persoa no uso dos dispositivos electrónicos; tanto homes como mulleres teñen un uso similar.

# 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

*Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet…) nos últimos 3 meses.
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Os datos amosan o incremento da dixitalización das mulleres, igualando ou superando aos homes en moitos dos estratos educativos. Cabe salientar que, entre as galegas que teñen estudios inferiores primarios o uso de dispositivos electrónicos incrementouse ata chegar ao 39,6%, 10,8 puntos máis ca os homes.

# 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo*

*Comparativa Galicia-España*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No relativo ao uso de Internet durante os últimos tres meses, no se observa fenda dixital segundo o xénero en Galicia a fenda dixital. O mesmo que ocorre a nivel estatal onde non se aprecia diferencia algunha entre homes e mulleres.

A día de hoxe, en Galicia as mulleres utilizan internet nun 87,8% fronte ao 87,5% dos homes.

# 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e idade*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Tendo en conta a idade, no uso de Internet repítese un patrón semellante ao de uso de dispositivos electrónicos. A fenda de xénero practicamente desaparece nesta última edición da enquisa, tamén entre as persoas maiores.

# 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A medida que a formación académica dos galegos/as é maior, as diferenzas entre homes e mulleres tenden a ser mínimas. A maior diferenza no uso de Internet atopámola entre aquelas mulleres que só teñen estudos primarios que, hoxe en día, teñen un acceso maior que os homes a Internet.

# 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e situación laboral*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Non se observan diferenzas significativas no uso de Internet entre as mulleres e homes segundo a súa situación laboral e, soamente, no caso das mulleres adicadas ás tarefas do fogar, obsérvase unha lixeira desvantaxe fronte aos homes.

# 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Evolución do indicador*
*Uso de Internet en los últimos tres meses*
*Comparativa Galicia – España*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes




Fonte: IGE (2020)

Respecto ao uso de Internet, non se observa fenda de xénero tanto en Galicia coma en España. Obsérvase nos últimos anos un progreso moi positivo no uso da Rede entre as mulleres na nosa Comunidade.

# 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)*

| Individuos que empregaron Internet nos últimos tres meses | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | Total | Fenda de Xénero |
| Irlanda | 93 | 88 | 91 | 5 |
| Estonia | 90 | 88 | 89 | 2 |
| Letonia | 90 | 88 | 89 | 2 |
| Lituania | 84 | 82 | 83 | 2 |
| Finlandia | 98 | 96 | 97 | 2 |
| Luxemburgo | 99 | 98 | 98 | 1 |
| Hungria | 85 | 84 | 85 | 1 |
| Islandia | 100 | 99 | 99 | 1 |
| Galicia | 88 | 88 | 88 | 0 |
| España | 93 | 93 | 93 | 0 |
| Chipre | 91 | 91 | 91 | 0 |
| Malta | 87 | 87 | 87 | 0 |
| Países Baixos | 94 | 94 | 94 | 0 |
| Polonia | 83 | 83 | 83 | 0 |
| Eslovaquia | 90 | 90 | 90 | 0 |
| Suecia | 97 | 97 | 97 | 0 |
| Reino Unido | 97 | 97 | 97 | 0 |
| Kosovo | 96 | 96 | 96 | 0 |
| UE27 | 87 | 88 | 88 | -1 |
| Bélxica | 91 | 92 | 92 | -1 |
| República Checa | 87 | 88 | 88 | -1 |
| Dinamarca | 98 | 99 | 99 | -1 |
| Eslovenia | 86 | 87 | 87 | -1 |
| Noruega | 97 | 98 | 98 | -1 |
| Montenegro | 77 | 78 | 78 | -1 |
| Alemaña | 93 | 95 | 94 | -2 |
| Bulgaria | 69 | 72 | 70 | -3 |
| Austria | 86 | 89 | 88 | -3 |
| Portugal | 77 | 80 | 78 | -3 |
| Rumania | 77 | 80 | 78 | -3 |
| Italia | 76 | 80 | 78 | -4 |
| Macedonia | 79 | 83 | 81 | -4 |
| Grecia | 76 | 81 | 78 | -5 |
| Serbia | 76 | 82 | 78 | -6 |
| Croacia | 75 | 82 | 78 | -7 |
| Bosnia e Herzegovina | 69 | 78 | 73 | -9 |
| Turquia | 72 | 83 | 78 | -11 |



**Países con maior fenda de xénero:**
Turquía (-11), Bosnia e Herzegovina (-9), Croacia (-7), Serbia (-6), Gracia (-5), Macedonia (-4) e Italia(-4).
**Países con menor fenda de xénero:**
Irlanda (5), Estonia (2), Letonia (2), Finlandia (2), e Lituania (2).

5% ou máis de homes
De 2% a 5% máis de homes
De 0% a 2% máis de homes
Maior porcentaxe de mulleres
Sen datos

Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE) / INE (2020) / EUROSTAT (2020)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: Poboación de 16 a 74 anos

# 2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo*
*Comparativa Galicia-España*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

O uso do comercio electrónico en Galicia en función do sexo, presenta unha lixeira vantaxe de 2,9 puntos porcentuais dos homes respecto á que se rexistra entre as mulleres. A fenda de xénero no uso do comercio electrónico é moi similar en Galicia e no Estado.

# 2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e idade*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Do mesmo xeito que ocorría co uso dos dispositivos electrónicos ou o uso a Internet, a idade é un factor condicionante á hora de adquirir un ben ou servizo en liña. Entre os menores de 44 anos son as mulleres as que máis utilizan a Rede como canle de compras. Esta tendente invértese nos grupos de maior idade (de 45 a 74 anos).

## 2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e situación laboral*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A análise das compras en liñas segundo o sexo e a situación laboral mostra que soamente, no caso das persoas que están actualmente estudando, as mulleres superan lixeiramente aos homes. Esta tendencia invértese no resto de situacións laborais e a diferencia máis acusada obsérvase entre as mulleres que se dedican ás tarefas do fogar, onde a fenda de xénero é de 12 puntos porcentuais.

# 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

*Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No relativo ao uso da eAdministración, as diferenzas entre  galegos e  galegas son mínimas, situándose a fenda dixital arredor de 1 punto porcentual en todos os ámbitos: para obter información, para descargar formularios oficiais, para enviar formularios cumprimentos e para descargar documentos persoais.

# 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

*Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para obter información (puntos porcentuais)*

| Individuos que empregaron internet para a busca de información | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | Total | Fenda de Xénero |
| Eslovaquia | 60 | 53 | 56 | 7 |
| Letonia | 79 | 73 | 76 | 6 |
| República Checa | 62 | 57 | 60 | 5 |
| Malta | 55 | 50 | 52 | 5 |
| Hungria | 71 | 67 | 69 | 4 |
| Estonia | 76 | 73 | 74 | 3 |
| Lituania | 66 | 63 | 64 | 3 |
| Eslovenia | 66 | 63 | 65 | 3 |
| Noruega | 61 | 58 | 60 | 3 |
| Dinamarca | 91 | 89 | 90 | 2 |
| Finlandia | 89 | 87 | 88 | 2 |
| Bulgaria | 26 | 25 | 26 | 1 |
| Polonia | 33 | 32 | 32 | 1 |
| Suecia | 82 | 81 | 81 | 1 |
| Austria | 69 | 69 | 69 | 0 |
| Rumania | 12 | 12 | 12 | 0 |
| Montenegro | 29 | 29 | 29 | 0 |
| UE27 | 53 | 54 | 54 | -1 |
| Alemaña | 68 | 69 | 68 | -1 |
| Italia | 26 | 27 | 27 | -1 |
| Galicia | 74 | 76 | 75 | -1 |
| Grecia | 65 | 67 | 66 | -2 |
| Bosnia e Herzegovina | 20 | 22 | 21 | -2 |
| Chipre | 51 | 54 | 53 | -3 |
| Irlanda | 39 | 43 | 41 | -4 |
| España | 56 | 60 | 58 | -4 |
| Serbia | 32 | 36 | 34 | -4 |
| Kosovo | 25 | 29 | 27 | -4 |
| Bélxica | 48 | 53 | 50 | -5 |
| Luxemburgo | 28 | 33 | 31 | -5 |
| Países Baixos | 83 | 88 | 86 | -5 |
| Islandia | 74 | 79 | 76 | -5 |
| Reino Unido | 44 | 50 | 47 | -6 |
| Macedonia | 24 | 30 | 27 | -6 |
| Portugal | 46 | 53 | 49 | -7 |
| Croacia | 40 | 50 | 45 | -10 |
| Turquía | 52 | 71 | 62 | -19 |




**Países con maior fenda de xénero:**
Turquía (-19), Croacia (-10), Portugal (-7), Macedonia (-6), e Reino Unido (-6).
**Países con menor fenda de xénero:**
Eslovaquia (7), Letonia (6), República Checa (5) e Malta (5).

Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE) / INE (2020) / EUROSTAT (2020)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

# 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

*Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para descargar formularios (puntos porcentuais)*

| Individuos que empregaron internet para descargar formularios | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | Total | Fenda de Xénero |
| Eslovenia | 40 | 33 | 36 | 7 |
| Letonia | 39 | 33 | 36 | 6 |
| Montenegro | 20 | 14 | 16 | 6 |
| Polonia | 32 | 28 | 30 | 4 |
| Bulgaria | 21 | 18 | 19 | 3 |
| Malta | 48 | 45 | 46 | 3 |
| República Checa | 33 | 31 | 32 | 2 |
| Eslovaquia | 31 | 29 | 30 | 2 |
| Lituania | 37 | 36 | 37 | 1 |
| Hungria | 48 | 47 | 48 | 1 |
| Finlandia | 77 | 76 | 77 | 1 |
| Austria | 52 | 52 | 52 | 0 |
| Macedonia | 13 | 13 | 13 | 0 |
| Estonia | 48 | 49 | 48 | -1 |
| Chipre | 39 | 40 | 40 | -1 |
| Rumania | 9 | 10 | 10 | -1 |
| Noruega | 85 | 86 | 86 | -1 |
| Kosovo | 9 | 10 | 10 | -1 |
| Galicia | 71 | 72 | 71 | -1 |
| UE27 | 38 | 40 | 39 | -2 |
| Italia | 28 | 30 | 29 | -2 |
| Portugal | 31 | 33 | 32 | -2 |
| Bosnia e Herzegovina | 11 | 13 | 12 | -2 |
| Dinamarca | 38 | 41 | 40 | -3 |
| Alemaña | 40 | 43 | 42 | -3 |
| Suecia | 52 | 56 | 54 | -4 |
| Bélxica | 36 | 41 | 38 | -5 |
| España | 43 | 48 | 45 | -5 |
| Serbia | 23 | 28 | 25 | -5 |
| Irlanda | 31 | 37 | 33 | -6 |
| Luxemburgo | 46 | 52 | 49 | -6 |
| Reino Unido | 25 | 31 | 28 | -6 |
| Grecia | 37 | 44 | 40 | -7 |
| Croacia | 36 | 43 | 40 | -7 |
| Islandia | 56 | 63 | 60 | -7 |
| Países Baixos | 57 | 67 | 62 | -10 |
| Turquía | 26 | 36 | 31 | -10 |



5% ou máis de homes
De 2% a 5% máis de homes
De 0% a 2% máis de homes
Maior porcentaxe de mulleres
Sen datos

**Países con maior fenda de xénero:**
Turquía (-10), Países Baixos (-10), Islandia (-7), Croacia (-7), e Grecia (-7).
**Países con menor fenda de xénero:**
Eslovenia (7), Letonia (6), Montenegro (6) e Polonia (4)

Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE) / INE (2020) / EUROSTAT (2020)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

# 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

*Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para enviar formularios (puntos porcentuais)*

| Individuos que empregaron internet para enviar formularios | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | Total | Fenda de Xénero |
| República Checa | 35 | 30 | 33 | 5 |
| Letonia | 73 | 68 | 71 | 5 |
| Estonia | 85 | 81 | 83 | 4 |
| Bulgaria | 22 | 19 | 20 | 3 |
| Malta | 42 | 39 | 40 | 3 |
| Polonia | 41 | 38 | 39 | 3 |
| Montenegro | 19 | 16 | 17 | 3 |
| Dinamarca | 69 | 68 | 69 | 1 |
| Lituania | 55 | 54 | 54 | 1 |
| Macedonia | 11 | 10 | 11 | 1 |
| Rumania | 8 | 8 | 8 | 0 |
| Eslovaquia | 21 | 21 | 21 | 0 |
| Finlandia | 76 | 76 | 76 | 0 |
| Islandia | 87 | 87 | 87 | 0 |
| Italia | 20 | 21 | 21 | -1 |
| Suecia | 75 | 76 | 76 | -1 |
| Bosnia e Herzegovina | 13 | 14 | 13 | -1 |
| Kosovo | 5 | 6 | 5 | -1 |
| Galicia | 70 | 71 | 71 | -1 |
| UE27 | 42 | 44 | 43 | -2 |
| España | 52 | 54 | 53 | -2 |
| Noruega | 81 | 83 | 82 | -2 |
| Hungria | 42 | 45 | 43 | -3 |
| Grecia | 32 | 36 | 34 | -4 |
| Serbia | 22 | 27 | 24 | -5 |
| Chipre | 41 | 47 | 44 | -6 |
| Luxemburgo | 33 | 39 | 36 | -6 |
| Eslovenia | 33 | 39 | 36 | -6 |
| Alemaña | 24 | 31 | 27 | -7 |
| Portugal | 39 | 46 | 43 | -7 |
| Turquía | 33 | 40 | 36 | -7 |
| Austria | 52 | 60 | 56 | -8 |
| Reino Unido | 36 | 44 | 40 | -8 |
| Irlanda | 55 | 64 | 58 | -9 |
| Croacia | 27 | 36 | 31 | -9 |
| Países Baixos | 73 | 82 | 77 | -9 |
| Bélxica | 40 | 50 | 45 | -10 |




**Países con maior fenda de xénero:**
Bélxica (-10), Croacia (-9), Países Baixos (-9), e Irlanda (-9)
**Países con menor fenda de xénero:**
República Checa (5), Letonia (5), e Estonia (4)

Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE) / INE (2020) / EUROSTAT (2020)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses



# 3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat

# A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres, estudando os indicadores anteriores segundo as seguintes variables xeográficas:

- Provincia
- Tamaño de Hábitat
- Áreas Comarcais
- Sete concellos con maior poboación de Galicia

# Provincia

*Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e provincia*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

As provincias galegas non amosan diferenzas significativas por xénero no uso de dispositivos electrónicos. Soamente na provincia de Pontevedra, os homes superan lixeiramente ás mulleres no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.

# Hábitat

*Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

No relativo ao tamaño do hábitat, cabe salientar que soamente nos concellos de máis de 50.000 habitantes, o uso de dispositivos electrónicos é máis frecuente entre homes que entre mulleres.

# Áreas Comarcais

*Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais*




A fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos en todas ás áreas non supera os 4 puntos porcentuais.

Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

# Sete concellos con maior poboación de Galicia

*Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O maior uso de dispositivos electrónicos nas mulleres sitúase nos concellos de Vigo (94,9%), A Coruña (94,7%) e Ourense (94,7%), aínda que a maior fenda entre xéneros atopámola en Ferrol e Pontevedra, cunha distancia no uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses de 2,3 puntos porcentuais superior entre os homes.

# Provincia

*Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e provincia*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

A Coruña e Ourense son as provincias onde máis mulleres utilizaron Internet nos últimos tres meses cun 89,1% e 88,2% respectivamente. O uso de Internet é moi semellante entre homes e mulleres nas catro provincias galegas e soamente se rexistra unha pequena diferenza de xénero na provincia de Pontevedra.

# Hábitat

*Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Nos concellos de menos de 20.000 habitantes, as mulleres superan aos homes no uso de Internet nos últimos tres meses. É a partir dos 20.000 habitantes, onde se observa unha pequena fenda de xénero no uso de Internet.

# Áreas Comarcais

*Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais*




O uso de internet por xénero e comarcas presenta tendencias dispares pero cabe salientar que en Ourense Central e Sur, a diferencia supera lixeiramente os 5 puntos porcentuais, a favor das mulleres internautas.

Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

# Sete concellos con maior poboación de Galicia

*Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Son os concellos da Coruña (92,5%), Santiago de Compostela (91,8%) e o de Lugo (91,5%) nos que se da un maior uso de Internet entre as mulleres. A maior fenda na utilización de Internet prodúcese no concello de Ourense, onde a porcentaxe de mulleres internautas foi do 91,5%, 2,6 puntos porcentuais menos que os homes.

# Provincia

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e provincia*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

A maior fenda na realización de compras online segundo o xénero, rexístrase na provincia de Pontevedra, onde a porcentaxe de homes que compran a través de Internet supera en 5,3 puntos porcentuais á de mulleres. En Ourense e Lugo non se perciben diferencias significativas por xénero.

# Hábitat

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e hábitat*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Tendo en conta o tamaño de hábitat, obsérvase que nas grandes cidades hai un maior uso do comercio electrónico e a fenda de xénero faise máis evidente. Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, a fenda de xénero sitúase por riba dos 5 puntos porcentuais. Nos concellos de menos de 5.000 habitantes son as mulleres as que en maior medida mercan en liña.

# Áreas Comarcais

***Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e áreas comarcais***




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Nas áreas comarcais de Ourense Sur e Ourense Central, as compras a través da Rede das mulleres superaron as compras dos homes.

# Sete concellos con maior poboación de Galicia

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia*




Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Nos sete concellos con maior poboación de Galicia, rexístrase fenda de xénero no que se refire ao comercio electrónico, rexistrándose a distancia máis acusada nos concellos de Ferrol e Vigo.



# 4. Conclusións

# Uso de dispositivos electrónicos



En Galicia, na actualidade, non existen practicamente diferencia entre o uso de dispositivos electrónicos que realizan homes e mulleres.

Os resultados amosan que no tramo de idade superior aos 35 anos, as mulleres superan lixeiramente aos homes no uso destes dispositivos.

# Uso de Internet



No uso de Internet, non existen diferenzas entre homes e mulleres. O 87,8% das galegas e o 87,5% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses.

# Compras a través da rede




En termos globais, a porcentaxe de homes que compran a través da Rede en Galicia é superior en 2,9 puntos á que se rexistra entre as mulleres.

Non obstante, entre as persoas menores de 44 anos, as mulleres superan aos homes na utilización da Rede como canle de compra.

# Relación coas AAPP



As diferencias de uso da eAdministración entre galegas e galegos son mínimas, situándose a fenda de xénero arredor de 1 punto porcentual en todas as interaccións: para obter información, descargar formularios, envío de formularios cumprimentados e descarga de documentos persoais.